

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 22 DE XUÑO DE 2022**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

ERMITAS GARCIA RIOS

MANUEL MARTINEZ LOPEZ

LUIS RUBIDO RAMONDE

ESTEBAN BLANCO GARROTE

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia as Concelleiras:

MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 11:06 horas do día 22 de xuño de 2022, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020. Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

O Sr. Alcalde da a benvida á sesión extraordinaria do Pleno extraordinario e urxente ó alumnado do IES Punta Candieira, ó profesorado e a Maica, de Goodlife, partícipe moi importante dos orzamentos participativos.

O Sr. Alcalde explica cómo se vai desenrolar a sesión; primeiro vai ler a Secretaria a proposta e despois Martín, como representante do alumnado, vai explicar os acordos aos que chegaron, e logo pasarase a palabra a Luís Rubido, presidente do Partido Popular. Por último, rematará falando Carmela ou calquera do Grupo de Goberno.

O Sr. Alcalde continúa e dí que constitúen a Corporación 13 Concelleiros, estando presentes no Pleno 11 porque as Concelleiras do BNG non puideron participar nesta sesión, e explica que estiveron traballando neste asunto e intentouse levalo o máis rápido posible, pedindo desculpas no seu nome, no do Grupo de Goberno e no da Corporación a todo o alumnado por non levalo antes porque hoxe están de festa e é o último día de clase.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urxencia da convocatoria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía de data 20.06.2022, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Orzamentos participativos co alumnado do IES Punta Candieira

O cometido desta proposta é o de informar do proceso de orzamentos participativos no curso escolar 2021/2022, realizado entre febreiro e xuño, para a presentación do mesmo ante o Pleno municipal.

O día 11.02.2022 realizouse visita institucional polo Alcalde e a Concelleira delegada de participación para a presentación da iniciativa como continuidade ao proceso piloto iniciado o ano pasado.

Nos meses de febreiro e marzo realizáronse accións formativas nas aulas de 3º ESO, explicando o contido do proceso e recollendo ideas, como necesidades e propostas de intervención, redactándose así mesmo unha circular dirixida ás familias para alentar a súa colaboración no proceso de aprendizaxe.

Nos meses de marzo realízanse tamén sesións de traballo sobre metodoloxías de investigación social á hora de realizar un diagnóstico participativo para dar as claves ao alumnado á busca de información, análise de datos e presentación de resultados.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

No mes de abril realízanse sesións de traballo en grupo para sobre maduración de aspectos necesarios para elaborar as propostas, previa facilitación dun formulario en liña.

No período posterior a Semana Santa o alumnado madura o listado de propostas que presenta ante o concello, recollendo un total de 11 iniciativas, levando a cabo entre o centro e o concello un diálogo para perfilar os intereses recompilados en ditas iniciativas.

Recibidas as primeiras valoracións por parte do persoal técnico municipal, no que se comunican dificultades para algunhas iniciativas, o alumnado decide presentar as seguintes propostas definitivas:

- Puenting na Garita de Herbeira
- Por unha Praia máis divertida!
- Adquisición de material deportivo
- Campo de paintball
- Módulo de atletismo
- Discoteca Light
- Melloras no campo do Floreal
- Melloras no mantemento do Centro de Ocio Xuvenil
- Piscina ao aire libre
- Mellora das beirarrúas
- Pistas de Bádminton

Nas últimas semanas de maio o persoal municipal elabora os seus informes de viabilidade, informando das propostas que son factibles para elevar á Asemblea de votación. Se asigna ás propostas un orzamento de custe económico.

O día 15.06.2022 celébrase a Asemblea de votación de propostas, no salón de actos do IES, coa participación de 61 alumnos/as.

En dita Asemblea preséntanse as propostas viables cos seus importes, explicándose ditas iniciativas. Preséntase polo alumnado as 5 propostas que se someten a votación, a través dos representantes das aulas. Realízase votación individual, mediante papeleta, realizándose o recuento e resultando elixida a seguinte proposta: Melloras no campo do Floreal (19.501,22 euros). Por último, noméanse os representantes para presentar o resultado ante o Pleno municipal na Casa do concello, o 22 de xuño.

Por todo o anterior, propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no presuposto municipal da execución do seguinte proxecto: Melloras no campo do Floreal, por importe de 19.501,22 euros.”

A continuación, o Sr. Alcalde indica que ten a palabra Martín, o representante dos alumnos, que dí: O meu nome é Martín, son o representante de 3º. Como xa sabedes a proposta que saíu gañadora foi a das “Melloras no campo do Floreal” que foi unha proposta que fixo 3º C e gañou con 28 votos; a segunda foi “Por unha Praia máis divertida!” que incluía facer pistas de volei e campos de fútbol na praia e varias actividades, con 26 votos, que fixo 3º A. Entón, debido á diferenza de votos que foi moi escasa, a proposta de “Mellora no campo do Floreal” é unha reforma e cae de caixón que un concello debe facer reformas na vila. Ademais teño entendido que as reformas no Floreal xa se ían a facer, vaise reformar o alumeado, se non me trabuco. Entón, ó mellor, pódese sacar do orzamento o

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

presuposto do alumado que nos déchedes e ter só en conta a reforma do pavimento que é esvaradizo. Así abarataríanse bastante os prezos e podería facerse tamén a proposta da praia ou só unha parte.

O Sr. Alcalde di: Isto é unha chantaxe. Con isto non contábamos.

O alumno, Martín di: Xa dixen na clase que ía chantaxear.

O Sr. Rubido Ramonde di: Estamos totalmente de acordo coas propostas que ten o alumno. Pensamos que a reforma do alumado podería ir perfectamente con cargo a unha próxima execución, terán que decidir os técnicos cal é a opción máis viable neste momento e a axilidade para levala a cabo. Estamos de acordo co exposto polo alumno.

O Sr. Alcalde di: Moitas grazas, Luís. En primeiro lugar, quería darvos as grazas en nome de toda a Corporación por participar neste proxecto que cremos que é importantísimo, por suposto, á dirección do centro, ó profesorado e toda a comunidade educativa, á empresa Goodlife que está aquí tamén, representada por Maica, por axudarvos e guiárvos nisto. E, sobre todo, parabéns porque os orzamentos participativos representan un modelo de sociedade ó que nos gustaría achegarnos máis cada día. Vós, que sodes unha parte moi importante da sociedade e nun futuro ides ser aínda moitísimo máis importantes porque seguramente, algún de vós poderá estar aquí, en calquera destes postos de traballo. Vedes as carencias e notades as carencias que pode ter Cedeira, ás veces cunha visualización que nós non acabamos de percibir e iso é importante. Ter uns orzamentos participativos permítevos poder expresarvos e poder dar a vosa opinión e axudarnos a nós a facer unha Cedeira mellor para todos e todas que iso é o que realmente nos interesa. Por iso, volvo a dicir, moitísimas grazas porque sei que é un traballo distinto. Sabedes que nós manexamos un presuposto municipal que seguramente Maica vos explicou como é, no que hai ingresos, gastos e moitísimas partidas e hai cousas que ás veces queremos facer e non podemos. O que tiñamos pensado na pista do Floreal, pedíronnos dende a asociación que ía organizar o 3x3 e o club que o vai facer agora, pintar a pista. É un pouco máis ambicioso e está moi ben o que vosoutros solicitáchedes o de reformar a pista para que non esvare. Tamén tiñamos pensado mellorar o alumado, estámolo mirando cos técnicos para que nos digan a parte máis axeitada. Nós íámolo facer igual, pero se nos orzamentos deste ano queda algunha partida de diñeiro, igual podemos facer algunha das cousas que pedides para a praia. Non me quero esquecer de Carmela e Ermitas que son as Concelleiras de Turismo e Cultura. Sobre todo Carmela, que está moi encima dos orzamentos participativos, estivo todo o tempo colaborando con Maica. Nada máis. Moitísimas grazas por participar. Calquera cousa que vexades sempre debedes dicila que nunca se vos debe coartar a vosa palabra ou o voso pensamento. O pensamento que tedes nolo tedes que comunicar porque tanto a nós como á oposición axudádesnos cando nos dicides as necesidades que ten Cedeira e así podemos estudar se se poden facer algunhas das cousas ou por que non se poden facer. A todos nos gustaría ter moitísimas máis cousas das que temos, pero, ás veces, é imposible. Estes orzamentos participativos son unha forma de amosarvos unha forma de cómo se pode traballar e como se pode chegar a facer as cousas. Nada máis, reitero o agradecemento e desexamos que teñades unhas boas notas e que pasedes un feliz verán. Esperemos que agora se aprobe, porque agora temos que aprobalo.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos no que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 11:20 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ